

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE ASIGNACIÓN DE USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA ADESTRAMENTOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS DURANTE A TEMPADA 2026 - 2027

1. OBXECTO

As presentes bases teñen por obxecto regular as condicións polas que a Concellería de Deportes do Concello de Monforte vai proceder ao reparto das horas de uso das instalacións deportivas municipais, xa sexan instalacións propias ou cedidas ao Concello de Monforte mediante convenio, para a realización de actividade deportiva durante a tempada 2026 – 2027 por parte das entidades que se detallan no punto 2.

Debido a que no Concello de Monforte hai un elevado número de entidades deportivas que non dispoñen de instalacións para realizar a súa actividade, a Concellería de Deportes do Concello de Monforte pretende, en base a unha solicitude previa, realizar un reparto do uso das horas semanais nas ditas instalacións entre todas as entidades deportivas interesadas.

Corresponde ao Concello de Monforte, a través da Concellería de Deportes, promover a práctica deportiva, como así establece entre as súas competencias propias a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 25.2.

A mesma competencia estalle recoñecida aos municipios pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Á súa vez, a Lei 3/2012, do 21 de abril, do Deporte de Galicia establece no seu artigo 8 entre as competencias dos municipios:

- Fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente en idade escolar.
- Construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal, e no seu caso, a xestión e mantemento das de titularidade autonómica cuxo uso e xestión lle sexan concedidas.
- Velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade, procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do uso destas, e coidar a súa debida hixiene e seguridade.

A gran demanda de instalacións deportivas no Concello de Monforte da lugar a que sexa necesario aprobar estas bases e regular de xeito ordenado o procedemento de solicitude.

Mediante este sistema asignaranse horas nas instalacións deportivas municipais **exclusivamente para adestramentos, escolas deportivas e organización de ligas deportivas non federadas**, durante a tempada 2026 – 2027.

No caso de que os solicitantes precisen horas para a realización e participación en competicións, estas serán reguladas polo artigo 15 do Regulamento de uso, reserva e aluguer

de instalacións deportivas municipais do Concello de Monforte publicado no BOP do 20 de agosto de 2020.

2. SUXEITOS

Poderán solicitar mediante este procedemento o uso das instalacións deportivas municipais os seguintes suxeitos:

- Asociacións deportivas escolares ou centros educativos que participen en programas de deporte escolar durante a tempada 2026 – 2027.
- Clubs, entidades deportivas e asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, que participen nalgún tipo de competición deportiva durante a tempada organizada por algunha das Federacións Deportivas Galegas ou Españolas, ou por algún outro ente de promoción deportiva, durante a tempada 2026 – 2027.
- Clubs, entidades deportivas e asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, que organicen algunha actividade non oficial dirixida á promoción do deporte e a actividade física e recreativa entre os cidadáns durante a tempada 2026 – 2027.

O reparto de horas entre todos os solicitantes non implica o uso gratuíto das instalacións deportivas. En cada caso haberá que atender ao establecido na Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa pola prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais.

3. RÉXIME XURÍDICO E NORMATIVA APLICABLE

Tanto o reparto de horas como o uso das instalacións deportivas municipais deberá realizarse respectando as Bases reguladoras desta convocatoria e, en todo caso, a normativa vixente.

En concreto:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia.
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas.
- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais.
- Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais.
- Regulamento de uso, reserva e aluguer de instalacións deportivas municipais do Concello de Monforte publicado no BOP do xoves 20 de agosto de 2020.



4. INSTALACIÓNS OBXECTO DA CONVOCATORIA E HORARIOS OFERTADOS

- **PAVILLÓN MUNICIPAL DA PINGUELA:**
 - Espazos ofertados:
 - Cancha polideportiva
 - Horarios de adestramento: de luns a venres non festivos de 16:00 a 00:00 h. entre o 01.09.2026 e o 30.06.2027

- **PAVILLÓN DOS INSTITUTOS RÍO CABE E DAVIÑA REI:**
 - Espazos ofertados:
 - Cancha polideportiva.
 - Horarios de adestramento: de luns a venres non festivos en horario extraescolar entre o 01.09.2026 e o 30.06.2027

- **PAVILLÓN DO I.E.S. PINGUELA**
 - Espazos ofertados:
 - Cancha polideportiva.
 - Horarios de adestramento: de luns a venres non festivos en horario extraescolar entre o 01.09.2026 e o 30.06.2027

- **PAVILLÓN DO CEIP A GÁNDARA**
 - Espazos ofertados:
 - Cancha polideportiva.
 - Horarios de adestramento: de luns a venres non festivos en horario extraescolar entre o 01.09.2026 e o 30.06.2027

- **CAMPO MUNICIPAL DE FÚTBOL LUIS BODEGAS:**
 - Espazos ofertados:
 - Campos de Fútbol 11 e Fútbol 7.
 - Horarios de adestramento: de luns a venres non festivos de 17:30 a 22:30 h. entre o 27.07.2026 e o 30.06.2027

Os horarios ofertados no pavillón dos Institutos Río Cabe e Daviña Rei, no pavillón do I.E.S. Pinguela, e no pavillón do CEIP A Gándara poderán sufrir modificacións en función das necesidades organizativas de cada un dos centros educativos que utilizan a instalación. No

caso de que algún club se vexa afectado por esas modificacións se lle tratará de dar unha solución alternativa.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E PRAZO:

A presentación de solicitudes realizarase no prazo de DEZ (10) DÍAS contados dende o día seguinte á publicación da convocatoria na páxina web do Concello de Monforte www.monfortedelemos.es obrigatoriamente a través de medios electrónicos tal e como se establece na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As solicitudes presentadas fora de prazo non se terán en conta para resolver esta convocatoria. No obstante, poderán ser tidas en conta no caso de que queden horas dispoñibles ao longo do ano.

A documentación a aportar será a seguinte:

1. Impreso de solicitude normalizado. **ANEXO – 1**
2. De ser o caso, datos da solicitude para adestramentos e escolas deportivas. **ANEXO – 2**
3. De ser o caso, datos da solicitude para organización de competicións non federadas (futbol sala, futbol 7, etc.). **ANEXO - 3**
4. No caso de clubs ou entidades deportivas federadas, certificado federativo no que se acredite o número de licenzas federativas do club por categoría de idade e o numero de equipos do club por categoría de idade indicando o nivel da competición na que participou na tempada anterior(tempada 2025 – 2026)
5. No caso de clubs e entidades deportivas federadas certificado federativo no que se indique o resultado na clasificación final de cada un dos equipos do Club na tempada anterior (tempada 2025 – 2026)
6. No caso de asociacións deportivas escolares ou centros educativos, certificado emitido polo organizador do programa deportivo escolar no que se acredite o número de deportistas e equipos por categoría de idade e por modalidade deportiva, que participou no programa na tempada anterior (tempada 2025 – 2026)
7. No caso de clubs ou entidades deportivas que organicen ou participen en actividades deportivas non federadas certificado da compañía de seguros co listado nominativo das persoas que participaron na actividade na tempada anterior (tempada 2025 – 2026).

6. CRITERIOS A TER EN CONTA PARA A SOLICITUDE DE HORAS DE USO:

As instalacións deportivas municipais abrirán de luns a venres non festivos para que os clubs e entidades deportivas leven a cabo os seus adestramentos e actividades.

As autorizacións de uso quedan supeditadas ás necesidades de utilización que poida ter o Concello de Monforte, non habendo lugar a reclamación por parte dos usuarios cando esta circunstancia obrigue a suspender algún horario concedido. No obstante, sempre que sexa posible, se comunicará aos interesados coa maior brevidade posible.

6.1 Criterios específicos para campos de fútbol:

- Os adestramentos dos equipos de fútbol levaranse a cabo no Campo Municipal de Fútbol Luís Bodegas. Excepcionalmente poderase realizar algún adestramento no Campo Municipal de Fútbol da Pinguela.
- Os partidos de competición de categorías de base levaranse a cabo no Campo Municipal de Fútbol Luís Bodegas e os de categoría absoluta levaranse a cabo no Campo Municipal de Fútbol Luís Bodegas ou no Campo Municipal de Fútbol da Pinguela.
- Os adestramentos de equipos federados, ou que participen nalgún tipo de competición organizada, de categorías de base, serán dun máximo dunha hora e trinta minutos mentres que os adestramentos de equipos absolutos serán dun máximo dunha hora e corenta e cinco minutos.
- Os adestramentos ou actividades de equipos e grupos non federados, serán dun máximo dunha hora.
- Todos os equipos de base adestrarán en medio campo. Excepcionalmente poderase conceder o campo completo ás categorías absolutas cando exista dispoñibilidade na instalación.
- As franxas horarias que se establecen en función da categoría de idade son as seguintes:
 - 17:30 – 19:00 h: categorías de base.
 - 19:00 – 20:30 h: categorías de base.
 - 20:30 – 22:30 h. categoría absoluta.

6.2 Criterios específicos para pavillóns polideportivos:

- Os adestramentos de equipos federados serán dun máximo dunha hora e trinta minutos, mentres que os adestramentos e actividades de equipos ou grupos escolares e non federados serán dun máximo dunha hora.
- Entre as 16:00 e as 17:00 h. terán prioridade as solicitudes dos centros educativos e AMPAS para levar a cabo as súas actividades extraescolares.
- Os adestramentos ou actividades levaranse a cabo en media pista ou en pista completa en función da modalidade deportiva e da dispoñibilidade das instalacións. De ser necesario poderanse compoñer ata tres campos para levar a cabo tres adestramentos nunha mesma franxa horaria. En todo caso o Concello tratará de optimizar ó máximo as instalacións deportivas tendo en conta sempre as especificidades de cada modalidade deportiva.

- As franxas horarias que se establecen en función da categoría de idade son as seguintes:
 - Ata as 21:30 h: categorías de base
 - A partir das 21:30 h: categoría absoluta

7. CRITERIOS DE REPARTO DE HORARIOS PARA ADESTRAMENTOS:

O reparto de horas de uso, para adestramentos, de cada unha das instalacións deportivas ofertadas farase en base aos seguintes criterios:

- Terán prioridade aqueles clubs e asociacións que levaran a cabo a actividade na tempada anterior.
- Terán prioridade as solicitudes para a práctica deportiva federada.
- Terán prioridade aqueles clubs e asociacións que non dispoñan de instalacións propias ou cedidas para o seu uso.
- En actividades federadas teranse en conta o número de licenzas federativas do club por categoría de idade, o número de equipos do club por categoría de idade e o nivel da competición na que militou, na tempada anterior e o resultado final na clasificación dos seus equipos.
- En actividades non federadas teranse en conta o número total de usuarios e practicantes na tempada anterior.
- Previsión de equipos e grupos para a nova tempada
- Dentro do posible tratarase de respectar os horarios de uso da tempada anterior.

Para a consideración de equipo ou grupo nas modalidades colectivas, tanto federadas como non federadas, establécese unha ratio mínima de 10 persoas por grupo e adestramento. En caso de non chegar a 10 persoas poderanse sumar licencias doutras categorías, pero en ningún caso se terán en conta as licencias doutras categorías que xa formen parte dalgún equipo ou grupo completo, ou aquelas que, sendo da mesma categoría, formen parte doutro grupo ou equipo.

Para a consideración de grupo nas modalidades individuais, federadas ou non, establécese unha ratio mínima de 8 persoas por grupo.

Para as solicitudes de instalacións para organizar actividades competitivas de tipo popular (ligas de populares de fútbol, fútbol sala, etc) terase en conta que cada grupo de actividade estará formado por 2 equipos participantes no campionato.

Para os adestramentos federados, sempre que a dispoñibilidade das instalacións o permita, establécese os seguintes mínimos e máximos, diferenciando entre equipos ou grupos que participaran na actividade na tempada anterior, e os de nova creación.



- **Equipos ou grupos que participaran en competicións federadas na tempada anterior:**

CATEGORÍAS	MÍNIMO	MÁXIMO
Categoría de base	2 adestramentos semanais	3 adestramentos semanais
Categoría absoluta de nivel provincial e autonómico	2 adestramentos semanais	3 adestramentos semanais
Categoría absoluta de nivel nacional	3 adestramentos semanais	4 adestramentos semanais

- **Equipos ou grupos de nova creación que vaian a participar en competicións federadas:**

CATEGORÍAS	MÍNIMO	MÁXIMO
Categoría de base	1 adestramentos semanais	2 adestramentos semanais
Categoría absoluta de nivel provincial e autonómico	1 adestramentos semanais	2 adestramentos semanais

No caso de dispoñibilidade das instalacións poderanse incrementar as horas de adestramento priorizando os equipos ou grupos que participen en competicións de maior nivel.

Para as actividades non federadas e deporte escolar establécense os seguintes mínimos e máximos:

CATEGORÍAS	MÍNIMO	MÁXIMO
Categoría de base	1 adestramento semanal	2 adestramentos semanais
Categoría absoluta	1 adestramento semanal	2 adestramentos semanais

Ao inicio da tempada os Clubs presentarán un listado nominativo de cada grupo de adestramento ou actividade. No caso de equipos federados este listado deberá ser emitido pola federación correspondente, e no caso de equipos non federados este listado deberá ser emitido pola compañía aseguradora da actividade. No caso de incumprimento das ratios mínimas establecidas o Concello de Monforte resérvase o dereito de rescindir as horas adjudicadas. No caso de Entidades que organicen competicións deportivas de tipo popular (ligas de fútbol, fútbol sala, etc.) presentarán os calendarios de competición onde figure o listado dos equipos participantes na competición.

O Concello de Monforte resérvase o dereito a anular ou modificar os horarios concedidos ós Clubs debido a necesidades do servizo.

Unha vez rematado o prazo de solicitudes realizarase un estudo con todas as peticións de uso de acordo coas condicións indicadas.

Os Clubs e Entidades solicitarán o número de adestramentos semanais que precisen en función das súas necesidades e tendo en conta as sesións de adestramento ou actividade mínimas e máximas por tipo de actividade, así como a duración máxima dos adestramentos ou actividades. Entregarán tamén unha preferencia de franxa horaria para cada equipo/grupo.

▪ **Procedemento de reparto de horas:**

- ✓ No caso de que a demanda de instalacións deportivas sexa inferior á oferta, concederáse a totalidade dos horarios solicitados por parte dos clubs, atendendo ó máximo establecido.
- ✓ No caso de que a demanda de instalacións deportivas sexa superior á oferta, o reparto entre os clubs solicitantes se realizará do seguinte xeito e na seguinte orde:

1º Concederánselle as horas mínimas establecidas a aqueles equipos ou grupos federados que xa realizaran a actividade no ano anterior.

2º Concederánselle as horas mínimas establecidas a aqueles equipos ou grupos non federados que xa realizaran a actividade no ano anterior.

3º Concederánselle as horas mínimas establecidas a aqueles equipos ou grupos federados que non realizaran a actividade no ano anterior. Terán preferencia os equipos ou grupos que pertencen aos clubs ou entidades deportivas con maior número de licencias federativas na tempada anterior.

4º Concederánselle as horas mínimas establecidas a aqueles equipos ou grupos non federados que non realizaran a actividade no ano anterior. Terán preferencia os equipos ou grupos que pertencen a clubs ou entidades deportivas que tiveran un maior número de participantes na tempada anterior.

5º Unha vez feito o reparto de mínimos e no caso de que quede espazo dispoñible procederáse a incrementar as horas de uso ata o máximo establecido na seguinte orde:

1. Equipos federados de maior nivel competitivo (categoría de competición) na tempada anterior comezando polos equipos que acadasen unha mellor posición na clasificación final da tempada anterior, ata esgotar as horas ofertadas. No caso de empate resolverase por sorteo.
2. Equipos ou grupos non federados comezando polos que tiveran actividade na tempada anterior e que tiveran un maior

número de participantes. No caso de empate resolverase por sorteo.

Unha vez determinado o número de horas que se lle concede a cada Club procederáse á asignación do horario concreto tendo en conta os seguintes principios:

- Teranse en conta criterios de operatividade dos clubs deportivos tratando de agrupar as horas de adestramento dunha mesma entidade deportiva.
- Teranse en conta os horarios concedidos na tempada anterior.
- Teranse en conta as preferencias de horarios descritas nas solicitudes.
- Trataranse de aplicar criterios de rendibilidade de uso optimizando ao máximo os espazos deportivos, co fin de que poidan acceder o maior número de equipos á práctica deportiva.

8. PROCEDEMENTO

O procedemento polo que se lle atribuirán as horas de utilización ás entidades solicitantes será de concorrencia competitiva, mediante o cal se pretende garantir o reparto mais equitativo posible entre os solicitantes.

O instrución do procedemento correspóndelle á Concellería de Deportes do Concello de Monforte que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución de acordo co informe de valoración emitido pola Comisión de valoración.

Crearase unha comisión de valoración, formada polo Concelleiro de Deportes e polo Técnico Municipal de Deportes, que será o órgano colexiado encargado de realizar a selección das solicitudes e de emitir o correspondente informe no cal se concrete o resultado da avaliación efectuada e das horas de uso de instalacións deportivas asignadas a cada solicitante.

A Comisión, logo de avaliadas as solicitudes, realizará un informe no que se concretará o resultado da valoración efectuada, e polo tanto a asignación de horas de uso nas instalacións deportivas a cada una das entidades solicitantes.

O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da comisión avaliadora, elevará proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, órgano competente para resolver.

A xunta de Goberno Local, á vista da proposta de resolución definitiva, resolverá o procedemento.

A resolución do procedemento notificaráselles aos interesados conforme ao previsto no artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas.

Unha vez notificada a resolución aos interesados, estes deberán presentar a seguinte documentación antes do inicio da actividade:

1. Póliza de seguro de responsabilidade civil a nome do club ou entidade solicitante e recibo de pago.
2. No caso de clubs ou entidades deportivas federadas declaración responsable de que todos os deportistas que forman parte do club e que van a participar na actividade durante a tempada se atopan en posesión de licenza federativa e polo tanto teñen cobertura de asistencia sanitaria no caso de accidente deportivo.
3. No caso de clubs ou entidades deportivas que organicen ou participen en actividades deportivas non federadas, póliza de seguro de accidente deportivo a nome do Club solicitante, ou da entidade organizadora da competición, que conteña, como mínimo, as coberturas que se detallan no Real Decreto 849/1993, de 4 de xuño polo que se determinan as prestacións mínimas do seguro obrigatorio deportivo, así como recibo de pago.
4. Calendarios de competición de todos os equipos que forman parte da entidade solicitante.
5. No caso de actividades con menores, declaración responsable de que todos os monitores, adestradores, delegados, directivos, ou calquera outra persoa relacionada directamente coa entidade, conta co certificado negativo emitido polo Rexistro Central de Delincuentes Sexuais, que acredita quen non foron condenados por delitos de carácter sexual.

En todo caso esta documentación terá que ser aportada antes do inicio do uso das instalacións deportivas asignadas para a tempada 2026 - 2027

9. RECURSOS

A resolución do procedemento poñerá fin á vía administrativa e contra a mesma cabe a interposición de recurso contencioso – administrativo no prazo de dous meses. Con todo, os interesados poderán, con carácter potestativo, presentar recurso de reposición ante o propio órgano que ditou a resolución no prazo dun mes, e nese caso o prazo para a presentación do recurso contencioso administrativo empezará a contarse dende a notificación da resolución expresa do recurso, ou despois da súa desestimación presunta, que se producirá se no prazo dun mes non se resolve o recurso de reposición interposto.

10. RÉXIME DOS USOS CONCEDIDOS E NORMAS DE USO

- a) A Administración Municipal quedará facultada para a modificación ou suspensión puntual dos usos finalmente adxudicados en función das necesidades da Concellería de Deportes.



De ser o caso, o Concello de Monforte notificaralle tal circunstancia á entidade que teña concedidos eses usos coa maior brevidade posible.

No caso de que sexa necesario realizar calquera modificación da resolución definitiva dítarase outra resolución motivada que lle será notificada á entidade interesada.

- b) A distribución dos usos para adestramento non faculta á entidade para poder realizar unha competición deportiva dentro dos días e horarios asignados. No caso de que se teña que realizar unha competición deportiva deberá solicitalo coa antelación suficiente na Oficina Municipal de Deportes.
- c) Os usos concedidos mediante a resolución da presente convocatoria comprenden os seguintes períodos:
 - **Pavillóns polideportivos:** do 01.09.2026 ao 30.06.2027
 - **Campos de fútbol:** do 27.07.2026 ao 30.06.2027

Excepcionalmente poderanse pedir prórrogas debidamente xustificadas para o uso máis alá do 30 de xuño e como máximo ata o 31 de xullo.

- d) Os usos das instalacións deportivas faranse nas condicións fixadas pola presente convocatoria e a resolución da mesma, así como nas normas establecidas no Regulamento de uso, reserva e aluguer de instalacións deportivas municipais de Concello de Monforte publicado no BOP do día 20 de agosto de 2020.

En consecuencia, calquera uso diferente ao concedido ou a modificación deste deberá ser formalmente solicitado pola entidade interesada.

- e) No caso de que os adxudicatarios non poidan utilizar as instalacións nos termos que lles foron concedidos de xeito temporal deberán comunicalo ao Concello de Monforte, que estará facultado para ofertar as horas que non se van a usar.
- f) No caso de que se produza infrautilización das instalacións deportivas por parte das entidades, sen causa xustificada, o Concello de Monforte poderá retirar o dereito de uso das mesmas nas horas infrautilizadas.
- g) As normas de uso de cada unha das instalacións deportivas están publicadas no Regulamento de uso, reserva e aluguer de instalacións deportivas do Concello de Monforte publicado no BOP do 20 de agosto de 2020.

11. EFECTOS DO INCUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNIS DOS USOS

Constatado por parte do Concello de Monforte o incumprimento das condicións de uso da instalación, trasladaráselle por escrito á entidade beneficiaria para que formule as alegacións e presente as probas correspondentes en defensa das súas pretensións. Instruído o correspondente procedemento, ditarase a resolución administrativa que corresponda.

No suposto de non serlle imputable á entidade darase orde de arquivo, e no caso de existir responsabilidade da entidade resolverase con:

- Apercibimento á entidade se non ten precedente algún na condición incumprida.
- Revogación do uso concedido. No caso de que o incumprimento se refira á non utilización ou infrautilización da instalación a revogación limitarase a esa hora e día da semana que non se está utilizando.